



PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID
DE INICIO DE CURSO
2020-2021

CÓDIGO:	15006390
DENOMINACIÓN:	CPR PLURILINGÜE JESÚS MAESTRO
ENDEREZO:	Avda. EMILIO ANTÓN, 9
TELÉFONO:	981351318
LOCALIDADE:	FERROL
ENSINANZAS QUE IMPARTE:	EI, EP, ESO
Web	www.jesusmaestrodiscipulas.org
contacto	contacto@jesusmaestrodiscipulas.org

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

2) Membros do equipo COVID.	4
3) Centro de Saúde de referencia	5
4) Espazo de illamento COVID	5
5) Número de alumnos	5
6) Cadro de persoal do centro educativo	6
7) Determinación dos grupos estables de convivencia.	6
8) Medidas específicas para os grupos de Infantil.	7
9) Canles de comunicación para dar a coñecer casos de sintomatoloxía compatible ..	7
10) Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.	7
11) Procedemento de comunicación das incidencias.	8

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12) Croques da situación dos pupitres nas aulas	8
13) Identificación de espazos ou salas para asignar a grupos.	8
14) Medidas para o uso de espazos de PT e AL, orientación ou aulas especiais	10
15) Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.	10
16) Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.	10
17) Uso da máscara no centro.	11
18) Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.	11

MEDIDAS DE LIMPEZA

19) Asignación de tarefas ao persoal de limpeza	11
20) Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia de tarefas.	12
21) Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.	12
22) Cadro de control de limpeza dos aseos.	12
23) Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas.	12
24) Determinación dos espazos para a xestión de residuos.	12

MATERIAL DE PROTECCIÓN

25) Rexistro e inventario do material do que se dispón	13
26) Determinación do sistema de compras do material de protección.	14
27) Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.	14

XESTÓN DE GROMOS

28) Determinación das medidas	14
29) Comunicacións das incidencias ás autoridades sanitaria e educativa.	16

XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

30) Canle de comunicación coa xefatura territorial	16
--	----

MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

31) Entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso.	16
32) Portas de entrada e saída, circulacións no centro, uso do elevador, etc	17
33) Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro.	18
35) Asignacións do profesorado encargado da vixilancia.	19

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

36) Previsións en relación co programa de madrugadores	19
37) Previsións de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva	20

38) Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.	20
39) Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.	20
40) Normas para a realización de eventos.....	20

MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

42) Quendas para o uso de comedor, lugares ocupados polos comensais.	20
43) Previsión sobre o persoal colaborador.	21

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

45) Previsións noutros espazos como aulas especiais (tecnoloxía, ...) ximnasios etc. 21	
46) Determinacións específicas para a materia de educación física.....	22
47) Regulación o proceso de cambio de aula ou visita a espazos de uso educativo. ...	23
48) Normas da biblioteca	23
49) Asignación de aseos a alumnado	24

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

50) Horario do recreo, espazos ou divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo 24	
51) Criterios para a asignación do profesorado de vixilancia.	28

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE ED. INFANTIL E 1º e 2º DE PRIMARIA

52) Metodoloxía na aula, uso de baños situados na mesma, traballo en recantos etc. 28	
53) Actividades e merenda	29

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES

54) Uso e hixiene dos elementos que poidan ser utilizadas por varios alumnos	29
---	----

NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

55) Medidas en relación co alumnado con NEE	30
---	----

PREVISIÓNES ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

57) Reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos.....	31
58) Reunións dos órganos colexiados do centro	33

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

59) Educación en saúde.....	33
60) Difusión da información das medidas de prevención e protección.	34
61) Profesorado encargado de coordinar e implantar as aulas virtuais.....	34
62) Previsións existentes no documento de “instrucións de inicio de curso”	35
63) Difusión do “Plan de adaptación á situación COVID-19”	36

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

2 Membros do equipo COVID.

NOME E APELIDOS	TAREFAS
M ^a PILAR PAZOS GARCÍA Coordinadora do Equipo)	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación coas Familias. • Interlocución coa Administración. • Comunicación cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade, do Sergas ou co Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia. • Comunicación co equipo <i>Covid-escola</i> do centro de saúde de referencia. • Comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado. • Asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa. • Proporcionar información e facilitar a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa. • Potenciar o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene coidando que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias. • Enviar información a todas as familias e manter unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir. • Distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario.
CONSUELO DOMÍNGUEZ RAMIL	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de ausencias do profesorado e alumnado de ESO. • Asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro educativo chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa. • Proporcionar información e facilitar a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa. • Enviar información a todas as familias e manter unha canle dispoñible (teléfono e correo electrónico) para a solución de dúbidas que poidan xurdir. • Potenciar o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene coidando que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias. • Identificar en EI e ESO o alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

SANDRA PRIETO SÁNCHEZ

- Rexistro de ausencias do profesorado e alumnado de EI/EP
- Asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro educativo chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.
- Proporcionar información e facilitar a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- Enviar información a todas as familias e manter unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.
- Potenciar o uso de infografía, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene coidando que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.
- Identificar en EP o alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

3 Centro de Saúde de referencia: persoa de contacto e teléfono.

C.S. FONTENLA MARISTANY

Pablo Cal Martínez/ Romina Vázquez Golpe (reserva)

981 33 66 41 / 981 33 66 36

4 Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.

O espazo de illamento para o alumnado será o recibidor "Beato Pedro" que conta con ventilación, xel hidrolóxico, papeleira de pedal, panos desbotables, máscara e desinfectante.

5 Número de alumnos por nivel e etapa educativa (utilizar un cadro).

NIVEL	NÚMERO DE ALUMNADO	ETAPA EDUCATIVA
EI4	15	EI=52
EI5	15	
EI6	22	
EP1	15	EP=107
EP2	13	
EP3	18	
EP4	19	
EP5	18	
EP6	24	
ESO1	22	ESO=75
ESO2	22	
ESO3	18	
ESO4	13	

6 Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos).

PERSOAL DOCENTE: 22

PERSOAL NON DOCENTE: 4

7 Determinación dos grupos estables de convivencia (EI e EP) e dos colaborativos na etapa de infantil, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exercen a titoría e os especialistas que imparten materias ao grupo.

Grupos Estables	NÚMERO UNIDADES	NÚMERO ALUMNOS POR GRUPO colaborativos	AULA ASIGNADA	TITORA	ESPECIALISTAS
Segundo Ciclo Educación Infantil					
1º EI	1	14 5	1º EI	Fátima Losada Calvo	3
2º EI	1	15 4	2º EI	Verónica Sanz Fdez	3
3º EI	1	22 5	3º EI	Inés de Castro G ^a	3
Educación Primaria					
1º EP	1	15	1º EP	Rebeca Serrano Rguez	3
2º EP	1	13	2º EP	Sandra Prieto Sánchez	4

Medidas para a organización do resto dos grupos.

Grupos Estables	NÚMERO UNIDADES	NÚMERO ALUMNOS POR GRUPO	AULA REFERENCIA AULAS ESPECÍFICAS	TITOR/A	ESPECIALISTAS
Educación Primaria					
			Ximnasio		
3º EP	1	18	3º EP Ximnasio	Begoña Tuimil Sánchez	4
4º EP	1	19	4º EP Ximnasio	María Currás Mtnéz	4
5º EP	1	18	5º EP Ximnasio	M ^a Pilar Picos Polo	6
6º EP	1	24	6º EP Ximnasio	Daniel Rodríguez Fariña	6

8 Medidas específicas para os grupos de Infantil, con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e do grupo.

Nos grupos estables de convivencia:

Evitarase a interacción con outros grupos.

Utilizarán espazos específicos e, no caso de utilizar espazos comúns, farano nun horario exclusivo para eles.

Mentres estean na súa aula poderán moverse libremente e non será necesario manter a distancia de seguridade que si será obrigatoria no caso de interacción con outros grupos.

No inicio da xornada traballarase de forma lúdica a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia.

Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo. No caso de ter unha mesa longa ou espazosa asignaranse mediante sinaléctica os espazos que poden utilizarse separados por unha distancia de entre 1 e 1,5 metros.

O xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección. Eliminaranse xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.

- A merenda realizarase de xeito individual en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.
- Nos recreos reforzarase a vixilancia, procurando evitar o contacto.
- Os obradoiros serán adaptados a grupos máis reducidos e procurando a desinfección do material (robótica, xogos...) despois de cada uso.
- O uso de máscara nestes grupos de idade non será obrigatorio para menores de 6 anos, pero si aconsellable.

9 Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencias e ausencias.

Profesorado e persoal non docente: Equipo COVID.

Familias: María Pilar Pazos García a través do correo electrónico

mpilar@jesusmaestrodjferrolo365.educamos.com ou telefonicamente no 981351318.

10 Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

O equipo Covid rexistrará as ausencias:

- do persoal (ver rexistro ausencias ANEXO I).
- do alumnado, a través do rexistro diario de *Educamos*.

11 Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas a través da aplicación informática.

Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados.


MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12 Croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou esbozo xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado.

Na etapa de Educación Infantil, cada grupo traballará cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos.

En Primaria a distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula.

Na ESO a distancia será 1,5 m. entre o alumnado.



13 Identificación de espazos ou salas para asignar a grupos, cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas.

De forma xeral, manterase unha distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

Ao inicio do curso 2020-21, todas as aulas permiten as distancias mínimas esixidas polo protocolo.

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establécese, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplican criterios de limitación de distancia. Garantírase a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

A distancia a manter entre postos escolares é a máxima que permite a aula; para a aplicación do criterio de medición, a distancia é dende o centro das cadeiras.

Na ESO, os postos escolares manteñen unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodean.

Os postos escolares están orientados nunha mesma dirección.

Nas aulas sinalízase o lugar no que se situarán os pupitres e as cadeiras para garantir a distancia entre alumnado.

Os pupitres disporanse de un en un partindo da zona máis alonxada da porta.

Reservarase a zona que está xunto ao encerado -tradicional e dixital- para a mesa do profesor.

Procurarase que as ventás das aulas permanezan abertas durante a xornada; se non fose posible, será o profesor o encargado de abrilas e/ou pechalas, cunha posterior desinfección de mans.

Evitarase o uso da aula de informática, tecnoloxía e do laboratorio. Só se desprazará o alumnado a estas aulas cando as sesións non se poidan desenvolver na aula ordinaria.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo acudirá sempre que sexa necesario á aula de apoio onde se manterán as mesmas medidas de prevención e hixiene da aula ordinaria e outras engadidas. Se fose necesario, poderíase utilizar a biblioteca.

ESPAZO	MEDIDAS
Aula EI	<p>Cada grupo ten a súa aula de referencia. As aulas permanecerán pechadas até que chegue o profesor. Disposición de espazos. Cada alumno: neceser individual co seu material (panos desbotables, ...). No baño da aula haberá dosificador de xabón e papel para secado de mans e papeleira de pedal. Na mesa do profesor: xel hidroalcohólico e desinfectante. Sinalización no chan do lugar no que se sitúan as cadeiras. Ventilación (15 minutos): antes da entrada, ao saír ao recreo, ao finalizar a xornada de mañá/tarde. Non utilizar perchas nin roupeiros. O alumnado deixará o abrigo na súa propia cadeira. Debuxos: lavado de mans. Infografía adaptada: normas de prevención e hixiene.</p>
Aula ordinaria EP e ESO	<p>Cada grupo ten asignada unha aula de referencia que non usa ningún outro grupo. As aulas permanecerán cerradas até que chegue o profesor. Sinalización no chan do lugar no que se sitúan as cadeiras. Cada alumno: neceser individual co seu material de hixiene (panos, máscara, xel hidroalcohólico, botella de auga). No baño da aula haberá dosificador de xabón, papel para secado de mans e papeleira de pedal. Na mesa do profesor: xel hidroalcohólico e desinfectante. Ventilación (15 minutos): antes da entrada, ao saír ao recreo, ao finalizar a xornada de mañá/tarde. Infografía: normas de prevención e hixiene. Non utilizar perchas nin roupeiros. O alumnado deixará o abrigo na súa propia cadeira.</p>

ESPAZO	MEDIDAS
Aulas específicas	Procurarase establecer o horario en días diferentes co fin de asegurar a súa adecuada limpeza e desinfección. As aulas permanecerán pechadas até que chegue o profesor. Sinalización que sitúa os pupitres dispoñibles. Cada alumno: neceser individual co seu material. No baño da aula haberá dosificador de xabón e papel para secado de mans. Na mesa do profesor: xel hidroalcohólico e desinfectante. Ventilación (15 minutos): antes da entrada, despois de cada sesión de clase, ao saír ao recreo, ao finalizar a xornada. Infografías: normas de prevención e hixiene.

14 Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro. Modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan (pódese utilizar un semellante ao que figura neste protocolo).

Ademais das medidas das aulas ordinarias, terán unha mampara de protección.

15 Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.

Sempre que sexa posible a comunicación coas familias farase a través da plataforma *Educamos* (correo electrónico ou videochamada) ou telefonicamente.

Cando sexa necesario ter **entrevistas presenciais**, faranse con cita previa e, a ser posible, en horarios diferentes ao de entrada, saída e recreo do alumnado evitando así a aglomeración de persoas.

A **petición de cita** farase a través de:

- Correo electrónico da plataforma *Educamos*, con carácter xeral.
- Axenda do alumno/a, excepcionalmente.

Para as entrevistas presenciais:

- Empregar o menor tempo posible.
- Evitar situarse cara a cara.
- Utilizar sempre máscara.
- Distancia social.

16 Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello).

As canles de información coas familias serán preferentemente a páxina web e o correo electrónico a través da plataforma *Educamos*. Excepcionalmente, outro correo electrónico.

Tamén terán a posibilidade de utilizar outras canles como o teléfono.

Espazos para repartidores:

Os repartidores accederán ao centro preferentemente fóra do horario escolar:

- Previo aviso telefónico.
- Con máscara.
- Deixarán a mercadoría no lugar que se lles indique.

17 Uso da máscara no centro.

O uso de máscara durante a estancia no centro será obrigatorio en todo momento.

Aínda que o Centro o aconsella, están eximidos do uso de máscaras os menores de 6 anos segundo a norma.

18 Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

A difusión deste *Plan de inicio de curso* difundirase a través da páxina web do Centro. O enlace a dita páxina publicárase na plataforma *Educamos*.

MEDIDAS DE LIMPEZA**19** Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

A empresa de limpeza realizará a desinfección das aulas e recintos utilizados unha vez ao día e reforzase nos espazos que a requiran.

En todos os casos limparanse e desinfectaranse o chan, mesas, cadeiras e zonas de contacto frecuente (portas, pomos, interruptores,...).

Na táboa indícanse os elementos específicos dalgúns dos espazos que deberán limparse e desinfectarse e a frecuencia estimada.

O profesorado correspondente e a Dirección serán os responsables, durante a xornada escolar, do cumprimento da desinfección tralo uso dos espazos e ferramentas ou materiais.

Espazo	Elementos específicos	Frecuencia	Responsables seguimento
Zona acceso centro		Diaria	Dirección
Vestíbulo		Diaria	Dirección
Portería	Teléfono	Trala súa utilización	Dirección
Salas titoría familias		Trala súa utilización	Persoal portería
Secretaría	Teléfono Ordenador Impresora	Trala súa utilización	Dirección
Sala reunións (usos múltiples)		Despois de cada uso	Dirección
Sala profesores		Diaria	Xefatura
Despachos	Teléfono Ordenador* Impresora	Diaria	Responsable do despacho
Ascensor		Despois de cada uso	Portería
Baños e aseos	Inodoro Lavabo	Diariamente excepto a de visitas que será segundo frecuencia de uso.	Dirección

Espazo	Elementos específicos	Frecuencia	Responsables seguimento
Comedor	Utensilios comedor	Diaria Despois de cada quenda	Dirección
Aulas ordinarias	Encerados Borrador Ordenadores*	Diaria	Profesorado despois de cada uso.
Ximnasio		Diaria	Profesorado EF
Aula Informática	Ordenadores*	Trala súa utilización	Profesorado
Laboratorio	Material laboratorio	Trala súa utilización	Profesorado
Taller tecnoloxía	Material taller	Trala súa utilización	Profesorado

(*) Nos ordenadores limparase despois do seu uso: teclado, rato, pantalla, botón de acendido e outros periféricos.

20 Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas.

Son dúas as persoas encargadas da limpeza no Centro. O seu horario é de 16:00 h a 21:00 h.

21 Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.

O persoal fará uso de guantes e máscara que se desbotarán de maneira segura e para a desinfección utilizaranse desinfectantes con actividade viricida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

22 Cadro de control de limpeza dos aseos.

Encárgase a empresa responsable da limpeza.

23 Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula).

Realizaranse as tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases; sempre que sexa posible, entre clases.

Cando un profesional preste asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.

Encárgase o persoal docente de cubrir un modelo de checklist. No modelo constará o curso, o horario de clases e o día do mes. Deste xeito, o docente indicará un “check” na casilla correspondente á hora na que ventila a aula.

24 Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

En todas as dependencias habilitadas para o seu uso, haberá papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e- polo xeral- accionados por pedal.

Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” serán refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e- polo xeral- accionados por pedal.

Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) depositarase na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, illarase o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se leve a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presente síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

25 Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

Espazo	Medida	Responsable
Zona de acceso ao centro Vestíbulo Portería	Xel hidroalcohólico. Desinfectante	Persoal portería Persoal limpeza Administradora
Aulas	Xel hidroalcohólico. Papeleira con bolsa, tapa e pedal. Desinfectante.	Profesorado Persoal limpeza Administradora
Salas de titoría familias	Xel hidroalcohólico. Papeleira con bolsa, tapa e pedal. Desinfectante.	Persoal portería Persoal limpeza Administradora
Secretaría Sala de reunións/ usos múltiples Sala de profesores Despachos	Xel hidroalcohólico. Desinfectante. Papeleira con bolsa, tapa e pedal.	Persoal limpeza Administradora
Ascensor	Xel hidroalcohólico. Desinfectante.	Portería Persoal limpeza Administradora
Baños e aseos	Dispensador xabón. Papel secado de mans. Papeleira con bolsa, tapa e pedal.	Persoal limpeza Administradora
Comedor	Xel hidroalcohólico. Desinfectante. Papeleira con bolsa, tapa e pedal.	Persoal comedor Persoal limpeza Administradora
Ximnasio	Xel hidroalcohólico. Desinfectante. Papeleira con bolsa, tapa e pedal.	Profesorado E.F. Persoal limpeza Administradora

26 Determinación do sistema de compras do material de protección.

O centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplirá ou aprovisionará os equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, mamparas para uso no comedor, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

O centro educativo arbitrará as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o COVID-19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

27 Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

Procederáse do seguinte xeito:

- O persoal encargárase de deixar os dispensadores de xel e desinfectante nun punto de aprovisionamento (portería antiga). A persoa administradora será a encargada de repoñer os dispensadores e deixalos preparados para que ao día seguinte antes de comezar a xornada retiren para o aula ou sala ou calquera dependencia o material hixienizante.
- A administradora cumprimentará un checklist do material de protección e informará ao equipo Covid da necesidade de reposición de xeles, desinfectantes, así como outro material de protección.
- A coordinadora do equipo Covid coa secretaría e administración do Centro distribuirá ou organizará a distribución do material, levará a súa contabilización e inventario separado e certificará os consumos e gastos producidos.

XESTIÓN DOS GROMOS (Plan de Continxencia)**28 A determinación das medidas pode ser referida a xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao Plan de continxencia.**

- O alumnado e persoal do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas Covid. Debe realizarse antes da chegada ao centro. (Declaración responsable das familias).
- Non asistirán ao centro estudantes, docentes e outros profesionais:
 - que teñan síntomas compatibles con COVID-19,
 - que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19,
 - en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19,
 - aquelas persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Ante un suposto no que dunha persoa ou alumno se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19, levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia.
- A familia debe chamar ao centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A

traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19
 - incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a;
 - os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado,
 - quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo.

Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do Centro escolar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
 - Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considérase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
 - As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.
 - A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas consideradas de contacto estreito.
 - En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

29 Persoas que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa, que serán as integrantes do equipo COVID.

A comunicación realizarase a través da persoa Coordinadora do Equipo COVID 19 ou ben dun membro do equipo Covid.

XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

30 Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

Petición de solicitudes: cpr.jesus.maestro@edu.xunta.gal

A documentación remitirase á Xefatura Territorial.

MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

31 Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado. (Cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo de ser o caso os das distintas etapas educativas, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao presente documento).

As entradas e saídas do alumnado realizaranse de forma escalonada:

ENTRADAS	SAÍDAS
<p>ESO: 8.45-8.55 (rúa María, porta grande)</p> <p>TARDE MARTES: 15.50 h.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 4º ESO (campo San Roque) • 1º - 3º (rúa María, porta pequena) <p>EP: 8.55- 9.05</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º e 2º (rúa María, porta pequena) • 3º-6º (rúa María, porta grande) <p>EI: 9.05-9.15 (rúa María, porta pequena)</p> <ul style="list-style-type: none"> • 3 anos (rúa María, porta pequena) • 4 e 5 anos (rúa María, porta grande) 	<p>EI</p> <ul style="list-style-type: none"> • 13.35 h.: 3 anos (rúa María, porta pequena) • 13.40 h.: 4 e 5 anos (rúa María, porta grande) <p>EP</p> <ul style="list-style-type: none"> • 13.50 h.: 1º e 2º (rúa Imeldo Corral) • 13.50 h.: 3º e 4º (rúa María, porta grande) • 14.00 h.: 5º e 6º (rúa María, porta grande) <p>ESO</p> <ul style="list-style-type: none"> • 14.15 h.: 1º e 2º (rúa María, porta grande) • 14.20 h.: 3º e 4º (rúa María, porta grande) • 14.20 h.: (EF: campo San Roque) <p>TARDE MARTES:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 17.35 h.: 1º (campo San Roque) • 17.40 h.: 2º e 4º (rúa María, porta pequena) • 17.40 h.: 3º (campo San Roque)

Reducirase ao mínimo o acceso de persoas alleas ao centro. Terán acceso:

- Repartidores.
- Persoas que teñan que facer algunha reparación, mantemento ou que, por calquera outra circunstancia, sexa necesario que accedan ao centro.
- Familias ou representantes legais do alumnado cando o requiran previamente e lles sexa concedida a cita ou sexan requiridos para realizar algún trámite por parte do profesorado, departamento de orientación, equipo directivo ou secretaría. Non obstante, sempre que sexa posible, procurarase solucionalo por vía telefónica, correo electrónico, videochamada ou correo ordinario.

32 Determinación das portas de entrada e saída, circulacións no centro educativo, uso do elevador, núcleos de escaleiras, etc

Os desprazamentos reduciranse ao mínimo posible: entradas, saídas, recreos e desprazamento a aulas específicas cando sexa imprescindible o seu uso.

As entradas e saídas realizaranse sempre respectando a distancia de seguridade de 1,5 m. A entrada ás aulas realizarase polas escaleira do anexo. A saída producirase pola escaleira ordinaria.

O alumnado permanecerá sempre na súa aula de referencia, salvo no caso de que sexa imprescindible que acudan a unha aula específica (informática, laboratorio, taller, ximnasio) e serán os profesores os que se despracen á aula correspondente.

Con respecto ao ascensor, só se utilizará de forma excepcional cando non sexa posible utilizar as escaleiras por dificultades de mobilidade ou porque se vaia transportar material que polo peso ou outra circunstancia o faga imprescindible. Nestes casos, farao unha única persoa, excepto no caso de alumnos, que irán acompañados dun adulto, e desinfectarase tralo seu uso.

Espazo	Medidas	Responsables
Corredores	Sinalización no chan de sentido de circulación. Uso obrigado de máscara. Distancia entre persoas: 1,5 m. Evitarase a coincidencia de grupos no corredor.	Equipo directivo Profesorado
Escaleiras	Sinalización no chan e/ou paredes do sentido de circulación. Uso obrigado de máscara. Manter distancia entre persoas. Respectar orden de entrada e saída do centro e nos recreos.	Equipo directivo Profesorado
Ascensor	Só se utilizará de maneira excepcional: dificultades de mobilidade ou reposición de material. Utilizarao unha soa persoa (salvo no caso do alumnado que irá acompañado por un profesor). Desinfectarase tralo seu uso.	Persoal de portería

33 Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

Espazo	Infografía
Zona de acceso ao centro Vestíbulo Portería Recibidor	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Uso correcto máscaras. Distancia de seguridade.
Secretaría Sala de reunións (usos múltiples) Sala de profesores	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Uso correcto máscaras. Distancia de seguridade.
Despachos	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Uso correcto máscaras.
Corredores	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Distancia de seguridade. Uso correcto máscaras. Sentido de subida Sentido de baixada Separación dos sentidos
Patio	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir.

Espazo	Infografía
	Distancia de seguridade.
Ascensor	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir.
Escaleiras	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir.
Baños e aseos	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Lavado de mans.
Comedor	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Lavado de mans. Distancia de seguridade. Orde para recoller a bandexa e sentarse.
Ximnasio	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Distancia de seguridade.
Biblioteca	Medidas de protección. Forma correcta espirrar e tusir. Distancia de seguridade.

35 Asignacións do profesorado encargado da vixilancia.

Entrada: o profesorado de Infantil e dúas docentes mais estarán a cargo deste alumnado no patio; EP e ESO accederán directamente ás clases onde estará esperando o profesor que teña esa hora asignada. Durante estes desprazamentos desde a entrada ata o aula, haberá profesorado dispoñible para a vixilancia dos tramos de escaleira e corredoiros.

Recreo: cada docente acompañará ao seu grupo no desprazamento ata o patio. O profesorado dispoñible da etapa reforzará a vixilancia nas escaleiras e corredoiros. No patio o profesorado seguirá as quendas establecidas.

Saídas: corresponden ao docente da última hora acompañar ao seu grupo ata a saída. Do mesmo xeito que na entrada, haberá profesorado dispoñible para a vixilancia dos tramos de escaleira e corredoiros.

Madrugadores: O alumnado usuario de ludoteca (madrugadores) será acompañado polo persoal responsable deste servizo ata o patio. Cando sexa necesario, profesorado dispoñible, colaborará na vixilancia durante este desprazamento.

Comedor: O alumnado usuario do comedor escolar accederá ao mesmo acompañado do profesorado de última hora. Unha vez no comedor, o profesorado seguirá as quendas establecidas.

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

36 Previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada.

Marcaranse os postos asignados a cada usuario gardando as medidas de seguridade.

No caso de alumnado a partir de 6 anos será obrigatorio o uso de máscara, e recoméndase o

seu uso para o alumnado de educación infantil, sempre que exista boa tolerancia.

O alumnado usuario deste servizo poderá traer o seu almorzo. Nestes casos, usaranse as mamparas de protección segundo o protocolo.

O material utilizado terá carácter persoal para cada alumno e haberá vixilancia constante do persoal coidador mantendo as medidas de prevención estipuladas.

37 Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor. Deberán ser coordinadas co organizador do servizo.

O Centro non ofertará actividades extraescolares de xeito presencial mentres dura a situación actual a fin de garantir a máxima seguridade no entorno.

De ofertarse actividades extraescolares, serán de xeito non presencial.

38 Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.

Todas elas preferentemente de xeito telemático.

Consello Escolar: Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

39 Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.

A comunicación ordinaria coas familias realizarase a través da plataforma de comunicación *Educamos* e/ou da axenda escolar.

Nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.

40 Normas para a realización de eventos.

Non se prevé a realización de eventos presenciais. En caso de realizarse, seguiranse as instrucións ditadas pola autoridade sanitaria.

MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

42 Establecemento de quendas para o uso de comedor. Determinación dos lugares ocupados polos comensais. Priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro.

O alumnado baixa ao comedor escolar de forma escalonada desde Infantil a ESO ao finalizar a sesión de mañá.

O alumnado usuario do comedor -por cursos-, terá asignada unha zona específica de comedor. O alumnado terá postos fixos durante todo o ano e garantirase a estanqueidade.

Levarase rexistro dos lugares que ocupan cada un dos usuarios/as.

Haberá unha segunda quenda se fose preciso.

Utilizarase un espazo colindante ao comedor de xeito que se cumpra a distancia de 1,5 metros entre grupos distintos e entre o alumnado da ESO.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia

Con todo, o Centro, co fin de extremar as medidas de protección, tanto para o comedor como para o espazo colindante, disporase de mamparas individuais de cando menos 0,60 cm de altura sobre o mesado que separen alumnos encarados ou acaroados polo que non será preciso respectar a distancia de 1,5 metros.

Espazo	Outras medidas	Responsables
Comedor escolar	<p>Os grupos estables de convivencia terán asignada unha zona específica.</p> <p>Organizaranse tantas quendas como sexa necesario.</p> <p>O alumnado accederá ao comedor de forma escalonada situándose no posto indicado.</p> <p>O uso da máscara é obrigatorio, agás no momento da alimentación.</p> <p>Realizarase o lavado de mans antes e despois da comida de forma escalonada.</p> <p>Utilizaranse materiais individualizados segundo organice a empresa.</p> <p>Os coidadores e persoal de comedor utilizarán máscara; incluso pantalla se fose necesario.</p> <p>Haberá unha pantalla entre os alimentos e os usuarios.</p> <p>A distribución de alimentos en condicións de seguridade corresponde á empresa de comedor.</p> <p>Haberá xel hidroalcohólico á entrada do comedor e desinfectante.</p> <p>As normas de uso estarán visibles para o alumnado de forma gráfica e sinxela.</p>	<p>Dirección.</p> <p>Persoal de comedor.</p> <p>Coidadores.</p> <p>Empresa de comedor.</p>

43 Previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe de ser o mesmo durante as diferentes quendas.

O persoal colaborador será:

- Persoa do catering.
- Unha persoa coidadora de ludoteca e media pensión.
- O profesorado colaborador distribuído segundo as quendas.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

Na utilización de espazos primarase o principio de limitación de contactos procurando minimizar a interacción entre grupos e manter a distancia mínima de 1,5 m entre persoas. Procurarase facer o menor uso posible das aulas específicas, reduciranse ao mínimo os desprazamentos polo centro e cada grupo terá asignado, na súa quenda, unha zona de patio e de comedor.

45 Previsións precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais (tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios, ...) ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán as normas de uso e limpeza.

O seu uso será excepcional e deberase desinfectar o material utilizado antes da fin da clase. Disporán de xel, desinfección e ventilación. A limpeza realizarase diariamente.

46 Existirán determinacións específicas para a materia de educación física.

INFANTIL E PRIMARIA:

Todos os materiais poderán ser utilizados, previamente desinfectado, fomentando os deportes (individuais e colectivos), sempre e cando se manteña a distancia de seguridade e o material se utilice, ben de maneira individual ou ben pasando o balón entre varios, sen contacto directo entre eles.

Os materiais dos que dispón o centro con posibilidade para que cada un utilice o seu son:

- Pelotas de tenis
- cordas individuais
- Sticks de hóckey
- Palas de praia
- Raquetas de pim-pong
- Bólas de plástico pequenas
- Balóns de plástico
- Balóns de baloncesto
- Conos
- Esterillas

Con todos estes materiais, traballando de maneira individual, estarase contribuíndo ao desenvolvemento motor do alumno e axudando a que poidan canalizar a súa enerxía.

Traballaranse as habilidades motrices básicas, ademais de fomentar a súa concentración e tamén relaxación e sen deixar de lado a introdución ás distintas modalidades deportivas.

Os estarricamentos cobrarán especial importancia, para evitar o deterioro da flexibilidade pola falta de movemento do corpo ou pola variación da intensidade dos exercicios.

ESO:

- O profesor da clase anterior rematará 5 minutos antes do horario, a fin de organizar a saída paulatina e ordenada do alumnado.
- Deixaranse as ventás abertas.
- O alumnado baixará polas “escaleiras do colexio” deixando a distancia de seguridade de 1.5 metros, evitando a formación de aglomeracións.
- Desprazamentos seguindo as liñas do percorrido ata os patios exteriores.
- Unha vez feita a desinfección das mans, poderán quitar a máscara (só no caso de que as actividades que se vaian facer respecten un mínimo de 2 metros de distancia entre eles) e gardala de maneira que conserve as súas propiedades asépticas, para facer a clase, sempre colocados como diga o profesorado e esperando as súas indicacións para comezar a clase coas medidas de saúde.
- Durante a clase, o uso de materiais compartidos de uso persoal, estará terminantemente prohibido, a menos que, en determinadas actividades así o considere o profesorado co material existente xa no centro, pero será, sempre que se poda, o último recurso. No caso de usar material para compartir, este deberá ser desinfectado previamente polo profesorado e tamén cando remate a actividade.
- Non se permitirán actividades, xogos ou deportes nos que se poña en perigo a saúde do alumnado ou non se respecten as normas hixiénicas do protocolo Covid19.
- Os espazos empregados para a clase de EF serán sempre amplos e ventilados, optando

preferentemente polos patios exteriores, se se pode ou o pavillón, lugar que tamén deberá estar debidamente ventilado

- No caso de coincidencia de clases de EP e ESO, e ter día de mal tempo, será sempre o grupo de ESO o que quedará na aula de clase e optará por impartir actividades teóricas, xa que estes temas non se imparten en EP.
- Os exercicios serán principalmente individuais e mantendo distancias de seguridade en todo momento.
- Ao rematar a clase, o alumnado fará limpeza e desinfección de mans, volverá a poñer a máscara (no caso de que a quitara) e collerá as súas cousas para facer de novo filas para volver a clase ou saír de maneira ordenada e respectando distancias, coa puntualidade necesaria debida ao escalonamento das saídas deste curso escolar.

47 Regulación o proceso de cambio de aula ou visita a aula especial ou espazos de uso educativo.

Por regra xeral, o alumnado permanecerá na súa aula de referencia.

O profesor/a correspondente recollerá ao alumnado para realizar o seu traslado (hixiene de mans) e ocuparse de que se manteña a distancia de seguridade.

Ao finalizar a clase, o profesorado acompañará ao grupo á súa aula de referencia onde se procederá á hixiene de mans.

48 Normas da biblioteca

No centro existe un espazo destinado a biblioteca de centro e unha biblioteca en cada aula cos libros de lectura e consulta adecuados a cada nivel.

Nun principio, durante este curso, non está previsto o acceso do alumnado a este espazo para realizar consulta de libros.

Cando so funcionen as bibliotecas de aula, se se utilizan libros de consulta, o profesor da materia será o responsable de recoller o libro, desinfectalo e situalo no lugar destinado á corentena.

Se fose necesario utilizar algún dos recursos da Biblioteca do Centro, o profesor trasladarao á aula correspondente. Non obstante, seguirase o protocolo do “espazo biblioteca”, caso de usarse.

- Establécese un aforo máximo de 9 postos de lectura que estarán sinalizados e ubicados de xeito que se cumpra a distancia de seguridade.
- Para o acceso á biblioteca será de obrigado cumprimento, para todos os usuarios, a desinfección de mans baixo a supervisión do persoal de biblioteca, así como, a hixienización do posto que teñan ocupado.
- Para o acceso, seguiranse as frechas que indican o sentido da circulación.
- Os libros deberán ser solicitados ao responsable da biblioteca que será quen os entregue e os recolla.
- O material devolto permanecerá en caixas identificativas ata o día seguinte antes de ser posto de novo nos andeis, unha vez desinfectado.
- Non serán de uso os xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido nesta situación excepcional.
- Implántanse quendas de uso da biblioteca atendendo aos grupos burbulla impedindo a súa mestura.

- As xanelas permanecerán abertas o maior tempo posible garantindo a ventilación.

49 Asignación de aseos a alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro.

A existencia de baño en cada aula facilita a xestión dos mesmos. Como norma xeral:

- Cada grupo de alumnos utilizará só o baño situado na súa aula.
- Non se fará uso dos baños do patio salvo en casos excepcionais.
- O persoal do centro utilizará só os baños de uso propio.
- No caso de que alguén alleo ao centro, excepcionalmente necesitara facer uso do baño, utilizará o do local da ANPA.

Baños	Medidas	Responsables
Aula Informática Tecnoloxía	Dispensador de xabón Toallas dun só uso Papeleira con tapa e pedal	Profesorado Persoal limpeza
ANPA Profesores Comedor Patio	Dispensador de xabón Toallas dun só uso Papeleira con tapa e pedal	Persoal limpeza

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

50 Determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase pormenorizadamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos estables de convivencia.

Estableceranse as seguintes quendas para o recreo:

- Educación Infantil (segundo ciclo): 11.15-11.40 (patio)
- 1º a 3º Educación Primaria: 11.45-12.00 (patio)/12.00-12.15 (merenda aula)
- 4º a 6º Educación Primaria: 11.45-12.00 (merenda aula)/12.00-12.15 (patio)
- Educación Secundaria Obrigatoria: 12.20- 12.40 (patio)

Haberá unha zonificación para as diferentes quendas que se establezan. En cada horario, haberá un único grupo por zona.

Fomentaranse os recreos activos e a participación en actividades que non requiran contacto físico nin intercambio de obxectos, como por exemplo balóns.

ED. INFANTIL

Realizarase a merenda de media mañá e o tempo libre adicarase a tempo de xogo, permanecendo sempre no espazo asignado a dita clase coa súa titora ou profesor de garda. O patio dividirase en tres zonas de xogo ben diferenciadas respectando as medidas de seguridade e distanciamento social.


Se aproveitarán os xogos pintados non chan do patio para reforzar o seu uso e fomentar o coñecemento dos xogos populares.

- **Caso de bo tempo:**

5EI ocuparía a pista exterior 1, 6EI a pista exterior 2, e 4EI ocuparía todo o patio interior.

- **Caso de mal tempo:**

O patio interior quedaría dividido en tres espazos: 1 para 4EI, o 2 para 5EI e o 3 para 6EI.



ED. PRIMARIA

DISTRIBUCIÓN DOS PATIOS:

Dividirase o espazo de recreo en 3 áreas de xogo diferenciadas, polas cales irán rotando os cursos cada día.

1. patio exterior (porterías grandes e 6 canastras)
2. patio cuberto (dúas canastras)
3. ximnasio (dúas canastras)

Baixada por turnos:

Turno A: 1º, 2º e 3º EP.

Turno B: 4º, 5º e 6º EP.

Caso de bo tempo:

- Un curso ocuparía a pista exterior 1, outro a pista exterior 2, e outro ocuparía todo o patio interior.

Nos días de chuvia:

- un curso quedará no patio cuberto.
- o ximnasio dividirase en pistas 1 e 2 para os outros dous cursos.

Cada día irase rotando as pistas de xogo para que todos os cursos pasen por todas.

Ningún curso terá contacto con outro e as clases estarán illadas das outras para evitar que se mesturen.

XOGOS

-Os permitidos serán aqueles nos que non exista contacto físico, pero poderán utilizarse materiais, previamente desinfectados polo mestre de garda (coma balón ou comba), para que podan xogar xuntos a xogos colectivos ou cooperativos, pero mantendo a distancia mínima entre eles (exemplo: pases cos pés, lanzamentos á portería, lanzamentos a canastra ou K.O., salto á comba...).


-Os mestres estarán vixiando o xogo en cada momento, incluso intervindo ou participando no mesmo para que sirva como modelo a seguir polos alumnos.

MERENDA NA CLASE

Os alumnos permanecerán sentados en todo momento na súa cadeira. Só se poderán levantar, previo aviso, para lavar as mans e aproveitar para ir ao aseo.

No caso de que rematen moi rápido, o mestre terá un banco de recursos para ofrecer aos alumnos. Dentro destas actividades poderían estar as seguintes:

- Lectura dun libro que teñan no pupitre ou de contos proxectados.
- Xogos de verdadeiro-falso.
- Debuxo libre.
- Xogos de imitación-expresión corporal-xestos-mímica.
- Xogos de memorización.

**ESO**

- O profesor da clase anterior rematará 5 minutos antes do horario, a fin de organizar a saída paulatina e ordeada do alumnado.
- Cadaquén estará provisto na ringleira das cousas que precise para baixar ao recreo, non podendo volver a por elas no caso de esqueceras na clase (merenda, abrigo, libro, luvas, ...)
- A orde de baixada das aulas e subida do recreo será a seguinte: 2º, 1º, 3º e 4º
- Deixaranse as ventás abertas.
- O alumnado baixará polas “escaleiras do colexio” deixando a distancia de seguridade de 1.5 metros, evitando a formación de aglomeracións.
- Desprazamentos seguindo as liñas do percorrido ata os patios exteriores.
- O patio repartirase como indican os Gráficos 1 e 2 dependendo da climatoloxía.
- Colocados no seu espazo adxudicado, poderán quitar a máscara para comer e beber (só no caso de que respecten un mínimo de 2 metros de distancia entre eles) e gardala de maneira que conserve as súas propiedades asépticas, para poñela de novo unha vez rematado de comer ou beber.
- A comida e a bebida deberán ser de uso persoal e non poderán compartila cos seus compañeiros/as.

- O uso de materiais compartidos de uso persoal, estará terminantemente prohibido.
- Os materiais, no caso de usalos, deberán ser desinfectado previamente polo profesorado e tamén cando remate o recreo, gardándoos nunha cesta pechada na porta do ximnasio. O proceso de desinfección do material o fará o profesor/a que teña clase con 4º ESO despois do recreo.
- Non se permitirán actividades, xogos ou deportes nos que se poña en perigo a saúde do alumnado ou non se respecten as normas hixiénicas do protocolo Covid19.
- O uso do WC do patio só se poderá usar en caso de urxente necesidade; si poderán facer uso dos baños da súa aula antes ou despois do recreo.
- Os espazos empregados para os recreos serán amplos e ventilados, optando sempre polos patios exteriores, os días de bo tempo, como marca o gráfico 1 do anexo.
- No caso de ter día de mal tempo, os grupos de ESO organizaranse no porche cuberto e as escaleiras como ven reflectido no Gráfico 2 do anexo.
- Ao rematar o recreo, o alumnado fará limpeza e desinfección de mans, volverá a poñer a mascarilla (no caso de que a quitara) e collerá as súas cousas para facer de novo ringleiras para volver a clase ou incorporarse á clase de EF, de maneira ordeada e respectando distancias.
- Xogos propostos os días de patios exteriores, en rotación diaria (dous campos de corda e outros dous de K.O. de baloncesto).

DISTRIBUCIÓN DOS PATIOS

Gráfico 1 -Reparto de espazos nos patios exteriores, os días de bo tempo.

(As liñas vermellas son espazos de seguridade entre cursos, para evitar os contactos).





Gráfico 2 - Reparto de espazos no porche e escaleiras anexas, no caso de días de mal tempo.

(As liñas vermellas son espazos de seguridade entre cursos, para evitar os contactos).



51 Criterios para a asignación do profesorado de vixilancia. Existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable.

CURSOS	HORARIO DOS RECREOS/ESPAZOS	RESPONSABLES VIXILANCIA
Ed. Infantil (2º Ciclo)	11.15-11.40 (patio)	Titora.
1º/2º/3º EP	11.45-12.00 (patio) 12.00-12.15 (merenda aula)	Profesorado que teña a sesión lectiva antes do recreo con ese grupo.
4º/5º /6º EP	11.45-12.00 (merenda aula) 12.00-12.15 (patio)	
ESO	12.20- 12.40 (patio)	Profesorado que teña a sesión lectiva posterior ao recreo con ese grupo.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA

52 Previsións sobre a metodoloxía na aula, o uso de baños que estean situados na mesma. Tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.

A metodoloxía estará baseada fundamentalmente nos recursos dixitais dispoñibles nas aulas: PCs, Lousas dixitais, conexión a Internet, libros e material dixital, DVD ...fomentando o traballo en equipo e con especial atención nunha avaliación continua.

Tamén incluírase como modo alternativo -no caso de que non sexa posible usar as aulas virtuais- o seguimento do alumnado a través das chamadas telefónicas ou videochamadas (Teams) , correos das familias da plataforma educativa *Educamos*.

Na aula traballaremos en grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos. O material de traballo será individual.

Se fará un especial fincapé na utilización da diferente infografía para proporcionar contornas escolares saudables e seguras a través das medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a cada idade e atenderase o benestar emocional do alumnado, mediante actividades lúdicas para lembrar as normas de hixiene, desprazamentos, distancias de seguridade, coñecementos dos diferentes símbolos e iconas, etc.

Usaranse exclusivamente os dous baños situados dentro da aula, mediante o uso dun semáforo, seguindo o protocolo de hixiene e limpeza e cun aforo máximo dun alumno/a.

53 Previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo.

Non tempo de recreo realizaremos a merenda de media mañá dos alumnos e o tempo libre dedicárase a tempo de xogo, permanecendo sempre non espazo asignado a dita clase coa súa titora o profesor de garda.

Para elo ou patio dividírase en tres zonas de xogo ben diferenciadas respectando en todo momento as medidas de seguridade e distanciamento social.

Se aproveitaran os xogos pintados non chan do patio para reforzar o seu uso e fomentar o coñecemento dos xogos populares.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES

54 Uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios alumnos e protocolízase en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención.

LABORATORIO

1. A norma xeral indica que os alumnos non cambiarán de clase polo que o uso do laboratorio farase de forma excepcional.
2. No caso de ter que trasladarse ao laboratorio avisárase ao profesor anterior para que finalice a clase 5 minutos antes para poder informar aos alumnos sobre as medidas e recomendacións a seguir e organizar a saída e desprazamento de forma ordenada.
3. Colocaranse carteis explicativos coas normas e recomendacións a seguir no interior do laboratorio.
4. O número de alumnos participantes da actividade estará limitado polo aforo (7) de forma que sempre se garanta a separación necesaria entre os alumnos. De ser necesario, dividírase a clase en grupos quedando na aula habitual e ao coidado doutro profesor os alumnos que non participen.
5. Será obrigatorio o lavado de mans a entrada e a saída.
6. O material necesario para realizar a actividade e equipo de protección estará colocado en cada posto e previamente hixienizado e desinfectado seguindo as recomendacións para o seu uso.
7. Procurarase o uso de material desbotable.
8. Ao rematar a actividade, todo o material e os postos usados serán desinfectados por cada alumno seguindo todas as recomendacións indicadas.
9. O material de uso compartido será hixienizado e desinfectado despois de cada uso polo profesor responsable da actividade.
10. En caso de que a continuación da actividade outro grupo vaia a proceder ao uso do laboratorio, procurarase, que o material e os postos empregados sexan distintos dos

usados anteriormente.

11. Procederáse á ventilación do local deixando un tempo mínimo de 15 minutos antes do seu posible uso por outro grupo de alumnos.

AULA DE TECNOLOXÍA

- O uso do taller será excepcional. Sempre que a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.
- Antes de saír da aula, o docente recordaralle ao alumando as medidas que se deben adoptar nesta situación.
- Primeiro, o alumnado procederá a desinfección de mans. Durante o desprazamento deberán usar a máscara, manter a distancia de seguridade, respectar os itinerarios marcados polo centro e as indicacións dadas polo persoal docente e non docente, en todo momento.
- A desinfección de mans ao entrar e ao abandonar o taller será obrigatoria. Ao igual que o uso de máscara en todo momento.
- Unha correcta ventilación do taller é fundamental para evitar a transmisibilidade do virus. O profesor será o encargado de abrir as portas e as ventás coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Os dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- O alumnado sentarase nos postos escolares habilitados. Para o alumnado especialmente sensible habilitaranse uns postos específicos.

Os postos de traballo do alumnado cumprirán coas normas legais establecidas:

- Estarán orientados nunha mesma dirección.
- Manterán unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira.

O alumnado será o encargado de manter a orde e desinfección do seu posto. Lembraráselle a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material. Soamente poderán utilizar o material que se encontre na súa mesa de traballo e previa autorización do profesor.

O taller disporá de cartelería informativa que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual. Nos aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

55 O equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

- En toda atención ao alumnado con necesidades educativas especiais utilizaranse as máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma o alumno/a empregará pantallas/viseiras.
- Para á atención do alumnado no que sexa preciso a visualización da cara tanto o alumno/a como o especialista empregarán pantallas/viseiras e utilizaranse mamparas de protección.
- O alumnado con NEE utilizará o aseo propio da súa aula, garantindo a convivencia co seu grupo estable.
- No caso do alumnado que non teña autonomía, será acompañado nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esberrar ou tuser, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- Este alumnado será atendido de xeito individual (na medida do posible) ou, como máximo, cun compañeiro/a que pertenza ao seu grupo estable de convivencia.
- O alumno/a será recollido na súa aula de referencia portando o seu propio material de traballo.
- O desprazamento será coa compañía do/a especialista deixando a distancia de seguridade pautada.
- Unha vez na aula será obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas da mesma. Na entrada da aula estará colocado un dispensador de xel hidroalcohólico. Tamén se contará cunha papeleira con tapa e pedal .
- Ao inicio da actividade o alumnado será informado sobre as medidas e recomendacións a seguir. (Información visual por carteis)
- No caso do uso de material específico de aula susceptible de ser compartido (desinfectarase ao inicio e rematada a actividade), lembraráselle ao alumno/a a necesidade da hixiene de mans antes e despois de usar o material (na medida do posible, o material específico será substituído por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material).
- Unha vez rematada a clase o especialista desinfectará a mesa, cadeiras, a mampara (se fose necesario empregala), o material de aula utilizado.
- Procederáse a ventilar o despacho ou aula polos menos 15 minutos logo de cada sesión.

PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

57 Reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos: medidas oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles.

Espazo	Medidas	Responsables
Sala de profesores	Establecerase e porá en lugar visible o aforo para manter a distancia de 1,5 m. Cada profesor ao deixar a sala debe desinfectar mesa e cadeira.	Profesorado Persoal de limpeza

Espazo	Medidas	Responsables
	Evitar sentarse fronte a fronte, en caso de facelo, sempre con máscara. Grampadoras, rotuladores, tesoiras, pegamento e outros materiais de uso común desinfectaranse despois do seu uso. Non haberá bolígrafos ou lapis de uso común. Nos andeis suprimirase todo elemento decorativo. Papelera con bolsa, tapa e pedal. Dosificador de xel hidroalcohólico. Dosificador desinfectante.	
Sala de reunións	Evitar sentarse fronte a fronte, en caso de facelo, sempre con máscara. Manter a distancia de 1,5 m entre postos. Cada profesor ao deixar a sala debe desinfectar mesa e cadeira. Dosificador de xel hidroalcohólico. Reducir ao mínimo o intercambio de papel durante as reunións. Todo o material enviarase por correo electrónico, antes ou despois da reunión. Papelera con bolsa, tapa e pedal. Dosificador de xel hidroalcohólico. Dosificador desinfectante.	Profesorado Persoal de limpeza
Despachos (dirección, secretaría, orientación)	Evitar sentarse fronte a fronte, en caso de facelo, sempre con máscara. Manter a distancia de 1,5 m entre postos. Papelera con bolsa, tapa e pedal. Dosificador de xel hidroalcohólico. Dosificador desinfectante. Desinfectar despois do seu uso: ordenadores e impresora.	Persoal de limpeza Persoa que ocupa o despacho

- Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
- O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.
- En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.
- Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.
- O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores e departamentos que permita cumprir a distancia de seguridade de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en

cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras.

- Na realización de reunións de tutorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso da reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión tivera que ser presencial, adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade ou o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

58 O centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras as reunións dos órganos colexiados do centro, mediante o uso de ser o caso de ferramentas de comunicación a distancia.

- Evitaranse as reunións presenciais sempre que sexa posible.
- Nas sesións que se celebren a distancia debe garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.
- Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

59 De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19. No plan existira unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.

- O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.
 - Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
 - Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.
 - Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.
- Diseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de

educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

- A tal efecto, desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable nos centros educativos a través de dun gran abano de programas como son o Plan proxecta e Contratos- programa, entre outros. Igualmente, promoveranse accións como a oferta da materia de libre configuración autonómica “Promoción de estilos de vida saudables” na etapa secundaria obrigatoria. Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:

a) Hábitos de alimentación saudable.

b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

- A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2020/2021 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

60 Difusión da información das medidas de prevención e distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.

- O PAT recollerá a difusión das medidas de prevención. Ademais, o profesorado realizará recordatorios diarios de ditas medidas.
- Organizaranse faladoiros co persoal sanitario sobre a prevención e protección segundo a dispoñibilidade do persoal especializado.
- Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.

61 Determinación do profesorado encargado de coordinar e implantar as aulas virtuais.

- Antes do día 1 de setembro o profesorado do centro realizou os cursos de nivel inicial e avanzado de “Ferramentas GSuite para o aula”.
- Os membros do Equipo TIC son os encargados da coordinación e implantación das aulas virtuais, especialmente a coordinadora Inés Caneiro Navarrete. Son os responsables de asesorar ao profesorado que presente dificultades neste proceso de implantación de ditas aulas.
- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, terán facilitado ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Para estas tarefas usarase a aula de informática.
- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise -na medida do posible- na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.
- Creouse tamén un usuario na aula virtual para a inspectora do centro con permiso de

acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dita inspectora o seu usuario e clave.

- En definitiva, se prevé que a aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) estean plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. Igualmente, que os/as alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual.
- No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.
- O Equipo TIC divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.
- A ferramenta *Teams* utilizarase para as titorías de pais/nais a través de videochamadas.

62 Previsións existentes no documento de “instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral, que teñen relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa.

Ensinanza non presencial

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, os centros elaboraran un “Plan de Continxencia” no que se estableceran as medidas que se adoptaran no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

No suposto de ensino non presencial, os centros educativos adoitaran as medidas establecidas no apartado 29 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19. O profesorado, a través da aula virtual do centro, determinara as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

Establecerase un procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando, preferentemente, a plataforma e medios telemáticos corporativos. Este procedemento determinará e concretará os obxectivos ou finalidades da comunicación, as persoas responsables así como a súa temporalización.

Infantil

Resulta imprescindible reforzar a comunicación do profesorado coas persoas proxenitoras ou da titoría legal do alumnado para informalos do Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021, así como do Plan de continxencia para responder a potenciais novos períodos de alteración ou suspensión da actividade lectiva, provocados pola situación sanitaria, co fin de garantir o adecuado desenvolvemento da actividade educativa.

O alumnado de Educación Infantil precisa establecer vínculos afectivos co profesorado e cos iguais que lle dean confianza para explorar as posibilidades que lle ofrece o entorno escolar. Esta circunstancia é especialmente relevante no caso do alumnado de 4º de Educación Infantil que se escolariza por primeira vez no centro. Propiciaranse contornas escolares saudables e seguras a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde

adaptadas a esta etapa educativa e atenderase ao benestar emocional deste alumnado.

Materia de libre configuración do centro

Con carácter excepcional, durante o curso 2020/2021, o horario establecido como de libre configuración do centro dedicarase prioritariamente ao reforzo dalgunha das materias troncais, troncais de opción ou da materia Lingua Galega e Literatura.

A elección do Centro para o presente curso académico, é a seguinte:

- Reforzo de Lingua Castelá en 1º ESO. Non impartirase a materia de Oratoria.
- Reforzo de Lingua Galega en 2º ESO. Non impartirase Investigación e Tratamento da Información.

63 O “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.

O presente “Plan de adaptación á situación COVID-19” poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.

Publicarase na páxina web do Centro e na plataforma de comunicación interna “Educamos”.